

CUNQUEIRO EN CATALUÑA: UN MODELO DE RELACIONES INTERSISTÉMICAS

MARÍA XESÚS LAMA LÓPEZ

Universitat de Barcelona

RESUMO: Estudo panorámico dos contactos e intercambios de Álvaro Cunqueiro e os estudos cunqueirianos coa cultura catalá, a xeito de presentación do contexto de relacións interculturais no que se inscriben as colaboracións deste monográfico. Estúdanse tres ámbitos atendidos de maneira diversa pola crítica: relacións persoais con axentes da cultura catalá que dan pé a colaboracións e intercambios diversos, relacións profesionais co mundo editorial e xornalístico que proxectan a súa obra no mercado español, e relacións repertoriais que se manifestan en traducións ou en comentarios críticos do propio escritor sobre as súas lecturas.

PALABRAS CHAVE: Álvaro Cunqueiro, xornalismo literario, mundo editorial, relacións intersistémicas, tradución.

CUNQUEIRO IN CATALONIA: A MODEL OF INTERSYSTEMIC RELATIONS

ABSTRACT: Panoramic study on Álvaro Cunqueiro and cunqueirian studies' contact and exchanges with Catalan culture as a presentation of the context of intercultural relationships in which this monograph falls. The three areas dealt with, in a diverse criticism, are considered to be: personal relationships with Catalan cultural agents, allowing different collaborations and exchanges; professional relationships with the editorial and journalistic world, launching his work on the Spanish market; and repertorial relationships, shown in translations or in literary criticisms, made by the author of his own readings.

KEYWORDS: Álvaro Cunqueiro, literary journalism, editorial world, intersystemic relationships, translation.

As relacións de Álvaro Cunqueiro con Cataluña son abondo coñecidas e saltan á vista a pouco que o lector faga un repaso da súa produción bibliográfica, empezando polo lugar de publicación da súa obra en castelán. Pero esta relación vai moito máis alá de todo canto a colección de datos obxectivos poida establecer e foi o seu biógrafo, Armesto Faginas, quen nos deu a clave para profundar nos enleados camiños que as fondas raíces das amizades catalás foron abrindo durante décadas baixo terra, ata producir aquí e alá vizosas plantas aflorando na superficie. Armesto Faginas (2003) reconece nunha conferencia o erro que co-

meta na súa biografía do mindoniense (Armesto Faginas 1987) ao datar en 1934 a primeira viaxe súa a Cataluña. Corrixiu cos datos que lle deu o irmán do escritor recoñecendo todas as viaxes imaxinarias que fixeran na súa infancia a unha Barcelona portuaria onde se podían contemplar dende a parte alta máis barcos xuntos dos que un rapaz do seu mundo podía soñar. Era de xustiza, sabendo o estatus de realidade que o escritor reclamou sempre para os soños e a imaxinación. Xa que logo, Cunqueiro viaxou dende neno a Barcelona, acompañado dos relatos do conserveiro Pedro Ripoll, que aparecía pola rebotica de seu pai cando ía visitar un parente cóengo na catedral de Mondoñedo, e guiado polas palabras máxicas aprendidas da tradución catalá de Shakespeare feita por Josep Carner, agasallo dun viaxante que visitaba a súa tía Pilar. Cando os poetas de Amics de la Poesia o convidaron a facer unha conferencia no seu círculo en maio de 1934, Cunqueiro movíase xa por terreo coñecido. Por fin chegaba fisicamente a unha Barcelona pola cal xa paseara en soños. Chegaba mozo, con aura de poeta novo de verbo doado e cun intenso programa de actividades: en primeiro lugar seguramente o convite para o Pazo Galego a disertar sobre «A paisaxe das nazóns naturaes» (10 de maio), e para a presentación da exposición de Colmeiro nas Galerías Laietanas coa conferencia «Temas de nova pintura» (14 de maio), pois sobre el fixera xa sonadas conferencias o ano anterior nas súas exposicións en Ourense e no Círculo de Artesanos da Coruña. Todo parece indicar que a xornalista de orixe galega María Luz Morales aproveitou esta ocasión para presentalo no círculo dos poetas cataláns a través do grupo de Amics de la Poesia en que ela participaba (Balaguer 2003) e mesmo podería ser que a propiciase. No mes de marzo ela mesma ofreceu unha conferencia sobre a poesía galega na que destacaba a súa figura entre os novos poetas e probablemente levou a que Carles Riba, como presidente, lle enviase unha invitación para falar da poesía galega do momento e ler obra propia, como reflicte o título: «Poesía gallega, yo mesmo y otras noticias» (12 de maio).¹ E posiblemente tamén sería ela, como militante galeguista dende Cataluña, quen o pon en con-

¹ A mediación de María Luz Morales foi demostrada por Balaguer (2003), que afonda nos comentarios aparecidos en prensa sobre a obra cunqueiriana a consecuencia dese primeiro contacto. Esta xornalista e escritora nacida en Galicia foi colaboradora de *La Vanguardia*, xornal que chegou a dirixir durante os anos da guerra, e tivo unha produción intensa dentro do mundo editorial traducindo ou elaborando materiais didácticos, ensaios e obras de creación. A súa relación con Cunqueiro mantense ao longo dos anos e sen dúbida sería esta barcelonesa, militante do partido galeguista e defensora do Estatuto de Autonomía de Galicia, una amizade determinante para a relación de Cunqueiro con Cataluña.

tacto coa organización xuvenil catalanista Palestra, onde tamén dá unha conferencia sobre «El actual movimiento cultural gallego» (11 de maio), presentándoo como membro do Partido Galeguista (Balaguer 2003: 63).

Iniciábase así un camiño de ida e volta, dos que tanto lle agradaban ao escritor, entre sacro-tabernario e mercantil, comunicando dous mundos esquinados, decididos a construír os seus propios centros de irradiación cultural un tanto revirados do centro meseteiro e a súa suposta forza centrípeta. Non deixa de ser curioso que as relacións de Cunqueiro co círculo catalán se afianzasen vía Donostia, nesas «días ricos y alegres, espiritual, sentimental y culinariamente hablando» de 1938 na retagarda do bando nacional, e florecesen unha vez consolidada a caída da súa etapa falanxista madrileña, precisamente arredor do *lobby* cultural vinculado á revista *Destino* e ao mundo editorial e mediático emparentado.²

A través da primeira conferencia no círculo de Amics de la Poesia contactou Cunqueiro cunha serie de escritores cataláns cos que mantería relacións dunha maneira ou outra ao longo do tempo. Alí estaban Ignacio Agustí, Tomàs Garcés, Joan Teixidor³ ademais de Carles Riba e probablemente Marià Manent, que tamén fora fundador da asociación en 1921 e dirixía a revista *Quaderns de Poesia* na que despois publicaría Cunqueiro os seus poemas cataláns. As diferentes traxectorias dos poetas cataláns como consecuencia da súa posición ideolóxica a partir da Guerra Civil determinan a evolución das amizades de Cunqueiro, que se consolidan sobre todo arredor dos falanxistas e en especial a través da amizade con Ignacio Agustí, con quen comparte a actividade no centro cultural da retagarda falanxista que é Donostia. Un Cunqueiro xa entregado ao xornalismo do bando nacional dende *El Pueblo Gallego*, baixo a dirección do xefe territorial da Falange en Galicia, José Suevos, chama a atención dos publicistas do novo réxi-

² María García Liñeira (2004) resume o percorrido da revista *Destino* sinalando a evolución ideolóxica cara a unha discrepancia coa ortodoxia da Falange na súa etapa barcelonesa, o que comporta a busca de novas fontes de financiamento que a revista encontra no conde de Godó, propietario do grupo empresarial de *La Vanguardia*, que participa noutras empresas xornalísticas que comparten colaboradores como *La Gaceta Ilustrada*, *Diario de Barcelona*, *Historia y Vida*, *TeleXprés* ou *Mundo Deportivo*.

³ Agustí e Teixidor fanse eco da visita de Cunqueiro en *La Veu de Catalunya* e *La Publicitat* respectivamente, mentres Garcés xa comentara a súa poesía nun artigo previo á visita tamén en *La Veu de Catalunya* (Balaguer 2003: 56-70). *La Veu de Catalunya* era o diario da Lliga de Cambó, mentres que *La Publicitat* era o voceiro de Acció Catalana, unha escisión da Lliga. Agustí era o encargado da crítica teatral e literaria no suplemento cultural que dirixía Díaz-Plaja en *La Veu* dende 1933 (Doria 2007: 10).

me nos centros de Burgos e San Sebastián e axiña o reclaman para incorporarse á redacción de *La Voz de España* na capital donostiarra, onde tamén exercerá como colaborador da Agencia de Información, Control y Colaboraciones. Alí preséntase a Manuel Halcón, director da revista *Vértice*, na cal empeza a colaborar e chega a subdirector (Armesto Faginas 1987: 123-130). En Donostia encóntrase con Agustí, que chega á cidade para encontrarse coa súa nai e as súas irmás, despois de participar o ano anterior en Burgos na creación de *Destino* como voceiro dos cataláns refuxiados, e de pasar pola fronte de Teruel.

Todo parece indicar que foi a amizade co autor de *Mariona Rebull* a que estableceu o vencello definitivo de Cunqueiro cos refuxiados cataláns e co grupo de *Destino*. Agustí regresa seguramente axiña para Burgos pois levaba a dirección de *Destino* que asumira dende o n.º 35 (30-10-1937), o que non impide que os dous amigos compartisen nas rúas donostiarras soados paseos e longas conversas nocturnas que ambos lembran en escritos posteriores. Neses anos incorpórase a *Destino* un Vergés procedente do exilio en Londres que comeza a publicar lúcidas crónicas de política internacional, e Juan Ramón Masoliver, incorporado á fronte no territorio rebelde procedente de Italia, ambos personaxes clave para a continuidade da revista despois da guerra, na súa etapa barcelonesa. Apoiada a revista pola Dirección Xeral de Propaganda que dirixe Dionisio Ridruejo dende marzo de 1938, mellora a dotación económica e amplíase o equipo de colaboradores desbordando a adscrición territorial e xunto a Montsalvatge, Martín de Riquer, Carlos Sentís, Santiago Nadal, Agustín de Foxà e Eugeni d'Ors, incorpóranse outras plumas como o propio Ridruejo, Luis Rosales, Laín Entralgo, Concha Espina, Antonio Tovar, José M.^a Pemán ou os galegos Torrente Ballester e Álvaro Cunqueiro (Didier Corderot 2004: 212).⁴

Seguindo o grupo de *Destino* e dos falanxistas cataláns, encontramos a Cunqueiro de novo en Barcelona dando unha conferencia no daquela chamado Ateneo Barcelonés o 17 de febreiro de 1940,⁵ esta vez presentado polo seu presidente, o «camisa vella» Luys Santa Marina, fundador da Falange en Barcelona, cun impresionante historial de prisión e condenas a morte durante os anos da guerra. Agustí xa o debía coñecer a través do tamén membro da Lliga

⁴ Para entender a evolución posterior deste grupo de Burgos dentro do réxime, véxase Alsina Calvés (2007).

⁵ Sobre a actuación de Santa Marina á fronte da primeira Xunta Directiva do Ateneo, véxase Venteo (2005: 43-46). Luys Santa Marina é o pseudónimo de Luis Gutiérrez Santa Marina.

e poeta Fèlix Ros e doutros amigos que asistían ao faladoiro do Lyon d'Or que Santa Marina lideraba nos tempos da preguerra, como Díaz-Plaja ou Martín de Riquer. Formando parte Agustí como vocal desa primeira Xunta Directiva do Ateneo franquista despois da toma da institución pola Falange en 1939, convidan a Cunqueiro e desta visita dá noticia *La Vanguardia* (1940):

En el Ateneo Barcelonés dio ayer una bellísima conferencia sobre el tema «Los corceles del Atlántico (Ida y vuelta del camino de Santiago)» el conocido y notable escritor don Álvaro Cunqueiro. Le acompañaban en la presidencia durante la conferencia el presidente de la docta Caña, don Luis Santa Marina, y los señores Masoliver, Agustí y Nadal. Hizo la presentación del orador, en breves y acertadas palabras, don Ignacio Agustí, en nombre de la Junta Directiva. El conferenciante hizo un rápido e interesante recorrido a muchas leyendas y tradiciones referidas al sepulcro del Apóstol Santiago, y a la historia marinera de Galicia y Portugal, demostrando un conocimiento extensísimo y profundo del alma celta y sus manifestaciones poéticas.

Trátase dunha visita case anecdótica aos amigos cataláns nun tempo en que as actividades de Cunqueiro se centraban en Madrid, onde pasara a formar parte da redacción de *ABC* da man de Manuel Halcón, que deixaba a dirección de *Vértice* nas mans do tamén catalán Samuel Ros para asumir a subdirección do diario monárquico. Mais a «anécdota» ten que ver probablemente cun feito importante que sinala o inicio das relacións de Cunqueiro cun aspecto da vida barcelonesa que marcará profundamente a súa traxectoria como escritor, o da fecunda actividade editorial onde o mindoniense sempre encontrará quen o anime a enviar un libro, presentarse a un premio, forxar unha sección de prensa ou compilar coleccións de artigos. Curiosamente é aquí, e non no Madrid onde se concentraba a súa actividade profesional, onde a editorial Apolo de Santa Marina e Ros publica o seu libro de poemas *Elegías y canciones* (1940), nunha colección Azor que leva o nome da revista que Santa Marina fundara en 1933 xunto con Max Aub, e onde publicara Fèlix Ros as súas traducións de Paul Valéry (*9 poemas de Valéry y 12 sonetos de la muerte*, 1939) e o propio Santa Marina os seus poemas de prisión condenado a morte no cárcere republicano (*Primavera en Chinchilla*, 1939). A nova publicación de Cunqueiro é comentada puntualmente por Teixidor (1941) no número 183 de *Destino*, confirmando as fluídas relacións entre o grupo de Santa Marina e a revista *Destino*, que só a partir de 1942 empeza a distanciarse de Falange e busca novos apoios financeiros que conectan o semanario co grupo de *La Vanguardia*. Así mesmo Santa Marina dirixe dende o

final da guerra e durante vinte e catro anos o xornal *Solidaridad Nacional*, voceiro da Falange que se edita na imprenta incautada ao xornal anarquista *Solidaridad Obrera*, e onde Cunqueiro publica algúns artigos nestes anos de inmediata posguerra.⁶ A partir de aquí cadaquén vai seguindo o seu propio periplo de infidelidades e desilusións. O escritor galego, vítima das súas propias veleidades hedonistas e fantasiosas, é privado do carné de xornalismo e torna ao refuxio mindoniense onde lle chegan ao rescate as propostas dos compañeiros de mocidade galeguistas embarcados no proxecto da resistencia cultural coa editorial Galaxia. Mentres tanto en Cataluña discrépase da actitude excluínate do réxime coa cultura e a lingua catalá, e vívense con paixón nas filas falanxistas as vicisitudes da Gran Guerra. Agustí aposta polos aliados, provocando antipatías das que foxe con destino a Xenebra, onde se encontra cos monárquicos partidarios de Don Juan. Alí inicia a súa crónica novelesca da burguesía barcelonesa de preguerra en *Mariona Rebull* (1943), que consegue un importante éxito de vendas, suscitando unha proposta a Vergés para crear un premio literario a través do cal se poderán descubrir novos narradores. O premio convócase ao ano seguinte baixo a denominación de Nadal, en homenaxe ao redactor xefe de *Destino*, Eugenio Nadal, falecido poucos meses antes,⁷ e convértese inmediatamente nun gran acontecemento cultural co descubrimento da novela gañadora dunha novísima escritora: *Nada* de Carmen Laforet, que deixa como finalista *En el pueblo hay caras nuevas* do galego Xosé M.^a Álvarez Blázquez. Mentres, incorpóranse a *Destino* novos colaboradores de excepción con quen Cunqueiro vai establecer unha relación intensa na súa segunda xeira de contactos barceloneses, vinte anos máis tarde: Josep Pla, Néstor Luján e Joan Perucho.

Mais é o grupo orixinario, como nos mostra o artigo de Adolfo Sotelo publicado neste monográfico de *Abriu*, o que rescata o contacto co Cunqueiro escritor renacente nos anos cincuenta, xa diluídos os entusiasmos da política.⁸

⁶ Agradezo a Xesús González Gómez, enciclopedia viva da cultura galega barcelonesa, a información e detallada relación das colaboracións en prensa de Cunqueiro, así como das súas conferencias na cidade condal. En *Solidaridad Nacional* asina Cunqueiro seis artigos entre marzo de 1940 e abril de 1941.

⁷ O seu irmán Santiago Nadal Gaya, que tamén participara no semanario en Burgos, será redactor xefe de *La Vanguardia*, destacado defensor do bando aliado, coma os Godó, fronte ao director do xornal imposto e máis adiante defensor tamén da opción monárquica.

⁸ Os intentos de manter o contacto por parte dos escritores cataláns da resistencia ao réxime quedan case exclusivamente en mans de Tomás Garcés, e documéntanse nos pri-

Traducidas as súas primeiras novelas galegas pola editora de Alfredo Herrero Romero, AHR, son os amigos do grupo de Burgos os que rescatan o Cunqueiro refuxiado no recuncho galeguista para proxectalo no ámbito hispánico con todo o artefacto cultural da industria editorial barcelonesa. Ás súas *Crónicas del Sochantre* concédennlle o Premio da Crítica de 1959, premio impulsado tres anos antes por Masoliver e Tomás Salvador, o xurado do cal se reuniu durante varios anos na casa familiar de Masoliver en Valençana. A editorial Argos, creada por Agustí tras venderlle a Vergés as súas participacións en *Destino*, publica *Las mocedades de Ulises* (1960) con dedicatoria ao propio Ignacio Agustí, e pouco despois a tradución de *Cuando el viejo Simbad vuelve a las islas* (1962). Ambas novelas reedítanse despois na colección Áncora y Delfín da Editorial Destino de Vergés, a que sería editora da súa obra en castelán ata que desapareceu en 1975. Son eses mesmos vellos amigos —Masoliver, Vergés, Teixidor—, xunto coa nova xeración incorporada a *Destino* —Luján, Josep Maria Espinàs, Rafael Vázquez Zamora e Antonio Vilanova— os que forman o xurado que lle concede o Nadal unanimemente en 1968 por *Un hombre que se parecía a Orestes* (Destino, 1969). Así e todo a concesión deste premio marca unha inflexión interesante na traxectoria do Nadal que premiara ata entón as que pasarían a ser grandes firmas da narrativa realista (Laforet, Gironella, Delibes, Sebastián Juan Arbó, Lluïsa Forrellad, Sánchez Ferlosio, etc.), co que parece unha aposta por unha nova literatura imaxinativa, cultivadora dos soños, cultista e de alto voo poético, coas consecuencias no ámbito da crítica que explora no seu artigo Blanca Ripoll nas páxinas de *Destino*.

Néstor Luján, que coñeceu a Cunqueiro a finais dos 50, converteuse no seu mellor amigo barcelonés nesta segunda etapa, e durante a época que dirixiu *Destino*, de 1958 a 1975, mantivo na revista as colaboracións da serie «Laberinto y Cía.». A partir de 1975, co paso de Luján á dirección de *Historia y vida*, achegou algúns artigos a esa revista mensual e probablemente foi tamén el quen o introduciu como colaborador do diario vespertino *El Noticiero Universal*, en que Luján escribía dende 1952 e onde Cunqueiro publicou unha serie de artigos entre 1973 e 1975 que foron recollidos por Xesús González Gómez baixo o título *Papeles que fueron vidas* (1994). Doutra banda, en *La Vanguardia*, a partir da concesión do premio Godó en 1967 por un artigo que pu-

meiros anos cincuenta, sobre todo arredor da antoloxía *Deu poemas gallecs* que publica Garcés en 1954, e do boicot que fan os cataláns ao terceiro Congreso de Poesía que se celebra ese mesmo ano en Santiago, nun intento de presionar para conseguir autorización para unha revista en catalán que debía dirixir Carles Riba (Alonso Montero 2003).

blicara en *Faro de Vigo*, inicia unha colaboración que será particularmente intensa en 1971-1972, cando encontramos ata 11 títulos, e prolóngase esporadicamente ata 1978. Con máis asiduidade publica tamén na revista *Camp de l'Arpa*, dirixida por Masoliver, ao longo de todo o ano 1977.

Perucho como director da colección Ciempiés da editorial Taber inicia un labor compilatorio, centrado primeiro nas súas narracións curtas que, sen dúbida, impresionaran ao escritor catalán anos atrás. En 1968 aparece *Flores del año mil y pico de ave*, que recolle as narracións curtas escritas entre 1938 e 1943: «El caballero, la muerte y el diablo»; «Los siete cuentos de otoño»; «San Gonzalo»; «Balada de las damas del tiempo pasado», e «Historia del caballero Rafael». Ao ano seguinte publícase unha colección de 103 artigos baixo o título *El envés*, da súa sección do mesmo nome en *Faro de Vigo*, ao tempo que na colección Estética del gusto da mesma editora aparece *La cocina cristiana de Occidente*, recollendo tamén artigos que xa foran publicados nas devanditas seccións «El envés» ou «Laberinto y Cía.». Das mesmas seccións selecciónanse os artigos das compilacións *Laberinto y Cía.* (1970) e *El descanso del camellero* (1970), tamén na colección Ciempiés.

Ao longo da década dos 60 e primeiros 70 as visitas de Cunqueiro a Barcelona poden seguirse a través das páxinas de *La Vanguardia* nas crónicas das súas conferencias sobre: «Movimiento y vida de los mitos» (*La Vanguardia* 1960a) no Conferencia Club, «A Galicia mítica» no Centro Galego (*La Vanguardia* 1960b), «Hamlet y Romeo vistos de nuevo» (*La Vanguardia* 1960c) no Museo de Arte Escénico, «La mitología del agua» (*La Vanguardia* 1962) no Centro de Estudios y Aplicaciones del Agua, «La invención del mundo y la palabra poética» (*La Vanguardia* 1963) no Ateneo, que agora presidía Ignacio Agustí. Diversas disertacións sobre temática culinaria no Hogarhotel con títulos como «Las bases físicas y metafísicas de la cocina gallega» (*La Vanguardia* 1964), «Los mariscos, sus tiempos y sus vinos» (*La Vanguardia* 1965), ou «Los vinos en la carta» (*La Vanguardia* 1967), así como algunhas incursións en temáticas catalás como «Estampas de una Cataluña imaginaria» (*La Vanguardia* 1974) na Fundación Mediterránea ou «San Jorge contra el dragón y otras batallas y milagros» (*La Vanguardia* 1975) na Deputación de Barcelona. Son só algúns dos múltiples títulos de conferencias que Cunqueiro ditou ao longo da súa vida, en moitos casos escritas e non sabemos se conservadas, pero nunca publicadas, talvez perdidas para sempre nas mans do vento que tanto lle compracía e que leva dun lado para outro as palabras efémeras dos contadores que retratou na súa obra.

Calquera recolla bibliográfica da produción de Cunqueiro delata a evidencia de que a súa obra castelá se editou basicamente desde Barcelona e que a

súa pluma xornalística encontrou nos diarios e revistas culturais da cidade portas abertas durante anos. A súa particular proposta estética deu cunha sensibilidade receptiva nos editores cataláns, malia que convivía con outras propostas dun realismo deostado polo soñador galego. Pero queda aínda aberto para o estudo un campo escasamente explorado: o labor de Cunqueiro como mediador cultural presentando a cultura catalá en Galicia, unha cultura que admiraba ata o punto de escribir algúns poemas nesta lingua (Alonso Montero 2003). Fai alusión Armesto Faginas (2003) ás crónicas das viaxes barcelonesas que Cunqueiro vertía sempre nas súas colaboracións na prensa galega como *El Progreso* ou *Faro de Vigo*, pero tamén ás súas opinións sobre a obra de Pla, Perucho, Tomás Garcés, Josefa Contijoch e tantos outros que aínda non se exploraron de xeito sistemático. No parladoiro organizado polo Consello da Cultura Galega no Institut d'Estudis Catalans con motivo do centenario de Cunqueiro (15-9-2011) explicaba Pere Gimferrer a súa sorpresa cando recibiu a primeira recensión do seu primeiro libro de poemas, *Mensaje del tetrarca* (1963), publicada por Cunqueiro en *Faro de Vigo* (26-4-1964), o que demostra a súa viva atención cara á cultura catalá e o interese por todo canto os seus amigos da beira mediterránea lle recomendaban. Ben sabía o mindoniense que non todos os lectores eran tan afoutos coma el coas linguas descoñecidas e por iso practicou a aventura da tradución para compartir a literatura que el amaba. Dos cataláns traduciu a Espriu, Marta Pesarrodona, Clementina Arderiu, Josep Carner, Carles Riba, Joan Teixidor, Perucho, Garcés e Vinyoli entre outros, algúns deles trobadores medievais, como estudou González Gómez (1990).

A data clave no estudo destas relacións vén marcada pola celebración do congreso sobre «Álvaro Cunqueiro e as amizades catalanas» do 21 ao 23 de novembro de 2001 dentro do Seminari d'Estudi de les Literatures Ibèriques da Universitat Autònoma de Barcelona (UAB), e a publicación das correspondentes actas en 2003 coordinadas polos seus organizadores: Jordi Cerdà, Víctor Martínez-Gil e Rexina R. Vega. Nesta ocasión conflúen estudos sobre os seus poemas alófonos (Alonso Montero) e as traducións (González Gómez), sobre os seus primeiros contactos e recepción (Armesto Faginas, Balaguer, Martínez-Gil, R. Vega), algúns contactos editoriais (Harrington), as ideas estéticas (González Fernández) ou o intercambio arredor da literatura gastronómica (Cerdà).

Do mesmo 2001 data a creación do proxecto *Intercambios entre sistemas literarios: mediación y mediadores desde la literatura catalana* (s. xx) dirixido por Víctor Martínez-Gil na Universitat Autònoma de Barcelona (UAB), que re-

centemente presentou a web *Tomàs Garcés, enllaç entre literatures*, onde se documentan con detalle as relacións entre Cunqueiro e o poeta Tomàs Garcés. Na liña do estudo de intercambios entre sistemas literarios situábase tamén a tese de doutoramento sobre *Bilingüismo e autotradución na obra de Álvaro Cunqueiro* defendida no 2000 na Universitat de Barcelona (UB) por Rexina R. Vega, daquela profesora da UAB, baixo a dirección de Basilio Losada. Pero o interese académico por Cunqueiro está presente xa na UB moitos anos antes, mesmo antes de que lle fose concedido o premio Nadal, pois xa encontramos unha tese de licenciatura de 1967 sobre *Álvaro Cunqueiro, un narrador poético* de José Moure Vázquez, dirixida por Martín de Riquer,⁹ e de novo en 1987 sobre *Ficción y realidad en la novelística de Álvaro Cunqueiro*, de Alberto Carlos López López, dirixida por Laureano Bonet.

Este monográfico quere continuar ese camiño de descubrimento das rutas percorridas entre as dúas culturas peninsulares, partindo da homenaxe a Cunqueiro que se celebrou o 1 de decembro de 2011 na Facultade de Filoloxía co gallo do centenario do seu nacemento. O artigo de Adolfo Sotelo explora as relacións de Cunqueiro cos amigos cataláns arredor dos anos en que se lle concedeu o Premio da Crítica (1959) pola tradución castelá de *As crónicas do Sochantre* e o Premio Nadal por *Un hombre que se parecía a Orestes* (1968) e a repercusión crítica na prensa barcelonesa da época. Pola súa banda Blanca Ripoll concéntrase na recepción crítica da obra de Cunqueiro na revista *Destino*, seguindo a hipótese do interese crítico pola obra de Cunqueiro como parte dunha aposta estética por unha alternativa ao socialrealismo imperante. María García Liñeira recolle a luva enviada por Cerdà no encontro de 2003 e retoma a análise da literatura gastronómica, un importante xénero cultivado polo mindoniense e no que cadrou con cataláns ilustres como Néstor Luján e Perucho, cunha aproximación desde a representación e construción de identidades. As achegas presentadas por Julià Guillamon e Víctor Martínez-Gil dende os estudos cataláns presentaranse dentro de estudos máis amplos en preparación dos que daremos puntual noticia.

⁹ Martín de Riquer era amigo de Agustí dende moi mozos pois nos primeiros anos universitarios xa colaboraban ambos na revista *Juventut* xunto con outros poetas como Joan Vinyoli.

REFERENCIAS BIBLIOGRÁFICAS

- ALONSO MONTERO, Xesús (2003). «Tres poemas en catalán e unha carta en galego a Tomás Garcés». Jordi Cerdà; Víctor Martínez-Gil; Rexina R. Vega (ed.), *Álvaro Cunqueiro e as amizades catalanas*. Sada: Edicións do Castro, 11-29.
- ALSINA CALVÉS, José (2007). «La disidencia falangista y el grupo de Burgos». *El Catoblepas. Revista crítica del presente*, 61 (marzo), 11. En liña: 12 xuño 2012. www.nodulo.org/ec/2007/no61p11.htm.
- ARMESTO FAGINAS, Xosé F. (1987). *Cunqueiro: unha biografía*. Vigo: Edicións Xerais de Galicia.
- ARMESTO FAGINAS, Xosé F. (2003). «Álvaro Cunqueiro: una biografía catalana». Jordi Cerdà; Víctor Martínez-Gil; Rexina R. Vega (ed.), *Álvaro Cunqueiro e as amizades catalanas*. Sada: Edicións do Castro, 31-52.
- BALAGUER, Josep M. (2003). «Els primers contactes de Cunqueiro amb el món cultural català i algunes conseqüències». Jordi Cerdà; Víctor Martínez-Gil; Rexina R. Vega (ed.), *Álvaro Cunqueiro e as amizades catalanas*. Sada: Edicións do Castro, 31-52.
- DIDIER CORDEROT, Pilar (2004). «La revista *Destino* (1937-1939) y la cuestión de la catalanidad». Nathalie Ludec; Françoise Dubosquet-Lairys (coord.), *Centros y periferia. Prensa, impresos y territorio en el mundo hispánico contemporáneo. Homenaje a Jaqueline Covo-Maurice*. Burdeos: Institut d'Etudes Iberiques et Ibero-americanes, 207-218.
- DORIA, Sergi (2007). «Introducción». Ignacio Agustí, *Novelas I*. Madrid: Biblioteca Castro, 5-27.
- GARCÍA LIÑEIRA, María (2004). «A sección de Álvaro Cunqueiro no semanario catalán *Destino*. Os cans fieis das verbas, Laberinto y Cía.». *Anuario de Estudios Literarios Galegos* 2004, 40-51.
- GONZÁLEZ GÓMEZ, Xesús (1990). *Álvaro Cunqueiro, traductor*. Sada-A Coruña: Fundación Caixa Galicia.
- GONZÁLEZ GÓMEZ, Xesús (s.d.): «Á espera de Cunqueiro», inédito.
- LA VANGUARDIA (1940). «Don Álvaro Cunqueiro en el Ateneo Barcelonés». *La Vanguardia*, 18 febreiro, 5.
- LA VANGUARDIA (1960a). «Ecos de Sociedad». *La Vanguardia*, 14 febreiro, 24.
- LA VANGUARDIA (1960b). «Conferencias. Don Álvaro Cunqueiro en el Centro Gallego». *La Vanguardia*, 16 febreiro, 19.
- LA VANGUARDIA (1960c). «Conferencias». *La Vanguardia*, 17 febreiro, 18.
- LA VANGUARDIA (1962). «Convocatorias para hoy». *La Vanguardia*, 13 decembro, 24.
- LA VANGUARDIA (1963). «Convocatorias para hoy». *La Vanguardia*, 29 xaneiro, 20.
- LA VANGUARDIA (1964). «Hoy comienza la primera Convención Internacional de la cocina española». *La Vanguardia*, 13 de novembro, 22.
- LA VANGUARDIA (1965). «Hoy apertura de la convención internacional de la cocina española». *La Vanguardia*, 17 novembro, 21.

- LA VANGUARDIA (1967). «La convención internacional de la cocina española en Hogarhotel». *La Vanguardia*, 17 novembro, 23.
- LA VANGUARDIA (1974). «El escritor Álvaro Cunqueiro habló ayer sobre “Estampas de una Cataluña Imaginaria”». *La Vanguardia*, 7 xuño, 31.
- LA VANGUARDIA (1975). «Conferencia de don Álvaro Cunqueiro». *La Vanguardia*, 22 abril, 31.
- MARTÍNEZ-GIL, Víctor (dir.). *Tomàs Garcés, enllaç entre literatures*. [En liña] [12 xuño 2012] <<http://garcesentreliteratures.cat/ca/la-nova-galicia-del-segle-xx>>.
- TEIXIDOR, Joan (1941). «Escaparate. Elegías y canciones, por Álvaro Cunqueiro (colección Azor), Barcelona 1940». *Destino*, 183, 10-11.
- VENTEO, Daniel (2005). «Una historia del Ateneu Barcelonès». *Barcelona Metròpolis Mediterrànea*, 66: 34-55. [En liña] [12 xuño 2012] <http://www.bcn.es/publicacions/b_mm/ebmm66/34-55.pdf>.